

ACTA REUNIÓN COMISIÓN CONTROL PLANO PENSIÓNS UNIVERSIDADE DE VIGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Vicerreitor Economía

José María Martín Moreno

Xerenta

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos

José González Groba

Profesor Dr. Titular de Universidade

Baltasar Manzano González (desculpa asistencia)

Xefa Sección Retribucións e Seguros Sociais

Marta Cogolludo Fernández

PARTÍCIPIES

María Montero Muñoz

Miguel González Loureiro

Pedro González Santamaría

Cándido Pérez Betanzos

Luis J. Olivares Requejo

Acta da reunión da Comisión de Control do Plano de Pensións da Universidade de Vigo, celebrada ás 09:35 horas do día 10 de novembro de 2021, a través de campus remoto, coa asistencia das persoas que se citan ao marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Informe actuarial Gesinca.
2. Presentación e votación da proposta que inclúa nas Especificacións do Plan o que fixa o artigo 9 do Regulamento de plans e fondos de pensións en canto aos supostos excepcionais de liquidez.
3. Acceso á información do plan de pensións por parte da Comisión de Control e dos partícipes (acceso a Banca electrónica e Banca móbil): presentación proposta de acceso e prazos, que permitan aos usuarios ter información do Plan de pensións.
4. Situación e evolución do Plan a peche de setembro 2021.
5. Rogos e preguntas.
6. Lectura e aprobación da acta.

Desculpa asistencia Baltasar Manzano.
Asiste a esta reunión por parte de ABANCA Jesús de Juana.



1. Informe actuarial Gesinca.

O representante da entidade xestora D. Jesús de Juana facilita unha copia en pdf do informe da revisión financeiro actuarial do plan de pensións realizado para os exercicios 2017 a 2019 e informa que o documento orixinal será enviado nesta semana.

O informe, obrigatorio pola normativa de plans e fondos de pensións supón un estudo en profundidade de todos os aspectos legais, contables e financeiros que afecta ao correcto desenvolvemento do plan da Universidade de Vigo.

As conclusións do mesmo veñen a corroborar o adecuado funcionamento do plan para os exercicios obxecto de estudo, tanto a nivel financeiro e contable como nas súas obrigas en relación á documentación e regulamento, así como ás achegas e o pago de prestacións.

2. Presentación e votación da proposta que inclúa nas Especificacións do Plan o que fixa o artigo 9 do Regulamento de plans e fondos de pensións en canto aos supostos excepcionais de liquidez.

En acordo coa solicitude trasladada pola Comisión de Control en relación á inclusión dun novo suposto de liquidez no regulamento do plan, a Entidade Xestora presenta a aprobación á proposta de nova redacción do artigo 25.bis incluíndo un novo punto 3:

3. Así mesmo, o partícipe poderá dispor anticipadamente do importe dos seus dereitos consolidados correspondente ás achegas realizadas que contén con polo menos dez anos de antigüidade. A percepción dos dereitos consolidados neste suposto será compatible coa realización de achegas a plans de pensións para continxencias susceptibles de acaecer.

A Comisión de control decide incluír este punto 3 no artigo 25.bis.

Tamén decide incluír no último parágrafo do punto 1 do artigo 25.bis a situación de parellas de feito, así como matizar coa entidade xestora o alcance da convivencia e dependencia, polo que este último parágrafo do artigo 25.bis.1 queda pendente de nova redacción:

Opción 1: O afectado pola enfermidade grave poderá ser o partícipe, ou ben o seu cónxuxe ou parella de feito, ou ben algún dos descendentes ou ascendentes de ámbolos dous (partícipe ou cónxuxe/parella de feito) en primeiro grao. As persoas que, en réxime de tutela ou acollemento convivan co partícipe ou del dependa tamén poderán ser os afectados pola enfermidade grave.

Opción 2: O afectado pola enfermidade grave poderá ser o partícipe, ou ben o seu cónxuxe ou parella de feito, ou ben algún dos descendentes ou ascendentes de ámbolos dous (partícipe ou cónxuxe/parella de feito) en primeiro grao, ou as persoas que, en réxime de tutela ou acollemento convivan co partícipe. En todos estes casos (cónxuxe, parella de feito, descendentes/ascendentes en primeiro grao, persoas en réxime de tutela ou acollemento que conviven) deben depender economicamente do partícipe para poder aplicar este suposto de excepcionalidade.



A Entidade Xestora confirma a posibilidade de facer inclusión da parella de feito no texto e informa que a obriga da convivencia e dependencia económica refírese exclusivamente aos descendentes/ascendentes en primeiro grao e as persoas en réxime de tutela ou acollemento. Remítese a proposta para a actualización do artigo 25.bis.1, no último parágrafo en liña coa opción 1 da seguinte forma:

O afectado pola enfermidade grave poderá ser o partícipe, ou ben o seu cónxuxe ou parella de feito legalmente constituída e inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, ou algún dos seus descendentes ou ascendentes daqueles en primeiro grao, ou persoa que, en réxime de tutela ou acollemento conviva co partícipe ou del dependa.

3. Acceso á información do plan de pensións por parte da Comisión de Control e dos partícipes (acceso a Banca electrónica e Banca móbil): presentación proposta de acceso e prazos, que permitan aos usuarios ter información do Plan de pensións.

O representante da Entidade Xestora informa que, tras unha revisión de todo o colectivo en relación à posibilidade de acceso xeral e persoal en base ao servizo de Banca Electrónica de ABANCA Corporación Bancaria SA, confirmaron os seguintes datos. Do colectivo total de partícipes e beneficiarios do Plan da Universidade de Vigo (1.042) o 76,84% dispón do Servizo gratuíto de Banca Electrónica de ABANCA (dos cales, o 43% teñen Banca Móbil). Polo tanto, exclusivamente 226 persoas non dispoñen de acceso ou información actualizada do seu plan.

Con esta información, a Entidade Xestora propón o seguinte:

- Acceso a información xeral do plan de pensións: Fomentar o uso dun portal xa existente que poida enlazarse desde a web da Universidade. Esta información xeral poría a disposición do colectivo a rendibilidade e patrimonio do plan, a documentación xeral (regulamento, normas e política do fondo, documento de información xeral,...) y habería un comentario sobre como acceder á Banca Electrónica ou Móbil de ABANCA.
- Acceso a información particular ou persoal do plan de pensións: Informaríase e poríase a disposición do colectivo as aplicacións de Banca Electrónica e Banca Móbil de ABANCA onde non só sería posible a consulta da posición senón que tamén permitiría operativas persoais como a realización de achegas, tramitación de traspasos ou designación de beneficiarios.

En relación aos membros do colectivo que non dispoñen desta ferramenta, a Entidade Xestora, propón realizar una acción informativa (ao nivel da Universidade, da Xestora ou de ambas as dúas) coa finalidade exclusiva de facilitar a obtención das comentadas aplicación que, sempre e en todo caso, son de balde e se existir obriga comercial ningunha coa entidade financeira.



Segundo a Entidade Xestora esta opción é a máis sinxela e a única viable nestes momentos. Ademais é a que ofrece maior seguridade e que permite unha operatividade avanzada.

Luis Olivares recorda que levamos 5 anos sen dar solución a esta cuestión de acceso e comunicación dos partícipes á información online relativa a plan de pensións. Destacar o incumprimento do prego de prescricións técnicas do Plan de pensións en relación ao acceso á información do plan.

Jesús de Juana comunica que vai pedir á Entidade xestora un calendario para abordar a solución a este problema de non dispor dunha web de información propia para o plan da Universidade.

A Comisión de Control decide entón esperar á resposta por parte de Abanca sobre esta cuestión nun prazo de 15 días para poder retomar este tema.

4. Situación e evolución do Plan a peche de setembro 2021.

O representante da Entidade Xestora fai unha brevísimas introdución da situación económica macro e pasa a comentar a situación, en primeiro lugar, do fondo de pensións e, en segundo lugar, do plan de pensións.

O fondo medra no seu patrimonio desde inicio de ano un 1,95% debido ás achegas producidas e a evolución positiva da rendibilidade. En relación á distribución da carteira non existen grandes cambios nos catro grandes bloques desde o mes de xuño (onde se produciron vencementos de bonos de orixe pública, principalmente do estado español). No lado da Tesourería, existe unha posición importante en activos de duracións curtas (menos de 6 meses) e en Outras inversións concéntrase en futuros, fondos de capital risco e Segurfondo FII que se está a disolver. Na renda variable mantense unha posición arredor do 20% dentro de activos de zona euro e, nunha pequena parte, en zona americana.

O plan de pensións evoluciona de forma favorable tanto en patrimonio como en rendibilidade. No ano en curso sitúase nun 2,43%, acadando e duplicando as perdas do exercicio 2020 e, na rendibilidade interanual (de outubro 2020 a outubro 2021) un 4,98%.

A Entidade Xestora informa que durante este exercicio a rendibilidade a bater no interanual será o IPC que, a peche de outubro ascendeu a un 5,5% debido as subas nos carburantes e no prezo da electricidade así como os problemas de subministros que están a suceder.

Por último, infórmase do que se espera para o exercicio 2022 a nivel económico e regulatorio.



5. Rogos e preguntas.

María Montero pide que se envíe a documentación con máis antelación, Jesús de Juana indica que o único que se enviou con pouca antelación foi a presentación da reunión e pide desculpas.

María Montero fai as seguintes preguntas:

1. En relación á revisión actuarial,

- En relación á distribución por inversores: Na revisión financeiro actuarial infórmase que semella que unha parte importante da rendibilidade acadada no periodo dependeu exclusivamente da propia evolución dos mercados e unha parte pequena da “pericia” dos xestores. Como xa se informou en reunións previas, ABANCA Vida y Pensiones tomou a decisión de “recuperar” a xestión dos fondos de pensións do sistema de emprego que antes estaba externalizada para mellorar na calidade da xestión e a mellora dos procesos de información e actualización da política de investimento. Froito de este obxectivo foi a actualización da Política de Investimento en xaneiro do ano 2020 e as continuas melloras que se plantexarán ao longo de 2022 para gañar en sostenibilidade e nunha xestión máis persoal do equipo de investimentos.
- Incremento da conta de posición: A revisión financeiro actuarial indica que a maior parte do incremento provén das achegas realizadas e non da rendibilidade. Jesús de Juana remite o seguinte cadro aclaratorio onde se pon de relieve que o incremento das achegas é moi superior que o efecto da rendibilidade sobre o patrimonio:

	2018	Incremento	2019	Incremento	2020	Incremento	Totais
Achegas promotor	234.998 €	0%	234.998 €	0%	234.997 €	0%	0%
Achegas partícipes	464.703 €	0,08%	468.711 €	0,86%	512.884 €	9,42%	10,37%
Rendibilidade		4,41%		-3,91%		5,63%	6,13%

En termos absolutos, descontadas as saídas por prestacións, o crecemento do patrimonio do plan foi dun 11,84%. Os crecementos absolutos ano a ano foron dun 3,01% (en 2017), -2,00% (en 2018) e 7,43% (en 2019).

- Índices de referencia, obxectivo estratéxico, rendibilidade a curto e longo prazo: Cando a prima de risco é elevada é fácil obter boa rendibilidade, posteriormente baixa en función da baixada dos tipos de xuros, cos novos activos a rendibilidade é menor. En renda variable pódese compensar esta baixada, Jesús de Juana vai pedir obxectivo estratéxicos fixado pola comisión de control do Fondo anual, quinquenal e a 10 anos.

2. Aportacións do empregado ao plan de emprego para 2022: Jesús de Juana matiza que se pode facer aportacións por riba dos 1.500€, sempre e cando haxa esa mesma aportación por parte do promotor. Espérase que cos cambios recollidos no proxecto de PXE para 2022 exista a posibilidade de aportar ao plan de emprego de forma voluntaria polo partícipe e por riba dos 1.500€ (límite de plans individuais) no mesmo importe que o promotor co límite de 4.250€ (xa que o límite de achegas nos plans de emprego será de



8.500€). Jesús de Juana remite á secretaria da Comisión de Control unha presentación de información fiscal onde se abordan estes límites e o seu impacto fiscal positivo.

3. Operacións vinculadas en relación a Imantia Capital SGIC que é una xestora participada pola Corporación Financeira de ABANCA: As operacións vinculadas se recollen na normativa de plans e fondos de pensións mediante o artigo 85.ter do RD 304/2004 que aproba o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións. Están permitidas sempre e cando sexa en beneficio dos partícipes e beneficiarios do fondo de pensións. Este tipo de operacións deben ser informadas (faise a través do informe de xestión trimestral que se remite a cada partícipe e beneficiario do plan xunto o extracto de movementos) e deben ser aprobadas polo Consello de Administración da Entidade Xestora ou Matriz da Corporación de referencia. Estas operacións vinculadas deben ser aprobadas tanto para as adquisicións como para as enaxenacións.

6. Lectura e aprobación da acta.

Este punto queda pendente para incluír na orde do día da seguinte reunión.

E sen máis asuntos que tratar, dáse por concluída esta reunión ás 11:22 horas.

Vº e prace
Jose María Martín Moreno

A secretaria
Marta Cogolludo Fernández

